

EXTRACTO DE ACTA DE SESIÓN DE ÓRGANO MUNICIPAL

ÓRGANO: PLENO DO CONCELLO

CLASE DE SESIÓN: ORDINARIA

DATA DA SESIÓN: 24 DE FEBREIRO DE 2020

HORA DE INICIO: 10:00

HORA DE REMATE: 13:25

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

- GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR: Luís López Diéguez, Concepción Isolina Somoza Calviño, Pablo Sobrado Vázquez, Rubén P. Quintá Quintá, Ana Belén Calvo Mariño e José Manuel Camba Mejuto.
- GRUPO MUNICIPAL UNIDADE POR RODEIRO: Alberte Lamazares Casero, M^a Belén Villanueva Patao, José Rodríguez Pérez e Xandra García Hermida.
- GRUPO MUNICIPAL MIXTO: José Antonio González Dacal.

CONCELLEIROS/AS AUSENTES: Ninguén.

ASUNTOS INCLUIDOS NA ORDE DO DÍA E ACORDOS ADOPTADOS:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE BORRADOR DE ACTA DE SESIÓN ANTERIOR.- Quedou adiada para a seguinte sesión.

2º.- APROBACIÓN DO III PLAN PARA A IGUALDADE DE XÉNERO DO CONCELLO DE RODEIRO 2020-2023.- Aprobouse pola maioría de sete (7) votos a favor (grupos municipais do Partido Popular e mixto) e catro (4) abstencións (grupo municipal Unidade por Rodeiro).

3º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (ORAL) DAS FACULTADES DE XESTIÓN E RECADACIÓN DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (IVTM), CORRESPONDENTES ÁS LIQUIDACIÓNS PREVIAS Á PRIMEIRA MATRICULACIÓN.- Aprobouse por unanimidade dos once (11) concelleiros e concelleiras presentes.

4º.- ELECCIÓN DO CARGO DE XUÍZA DE PAZ SUBSTITUTA DO CONCELLO.- Por unanimidade dos once (11) concelleiros e concelleiras presentes elixiuse para o cargo a Dona María Paz Vázquez Fernández.

5º.- INFORME DA ALCALDÍA RELATIVO AO ESTADO DAS OBRAS REALIZADAS NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO E XIMNASIO MUNICIPAIS.- O alcalde informou verbalmente sobre o particular.

6º.- INFORME DA ALCALDÍA RELATIVO Á PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF), MODALIDADE DE DEPENDENCIA.- O alcalde informou verbalmente sobre o particular.

7º.- INFORME DA ALCALDÍA RELATIVO ÁS AXUDAS E/OU SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS AO CONCELLO NO ANO 2019 POR PARTE DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.- O alcalde informou verbalmente sobre o particular.

8º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL UNIDADE POR RODEIRO RELATIVA A SOLICITAR ALUMEADO PÚBLICO NO RECINTO FEIRAL DE RÍO.- Foi rexeitada pola maioría de seis (6) votos en contra (grupo municipal do Partido Popular) e cinco (5) a favor (grupos municipais Unidade por Rodeiro e mixto).



9º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL UNIDADE POR RODEIRO RELATIVA Á REPROBACIÓN DA CONCELEIRA SRA. SOMOZA CALVIÑO POLOS ABUSOS IMPOSITIVOS EN CANTO AO IBI.- Foi rexeitada pola maioría de cinco (5) votos en contra (Sres. López Diéguez, Quintá Quintá, Sobrado Vázquez e Camba Mejuto e Sra. Calvo Mariño), catro (4) a favor (grupo municipal Unidade por Rodeiro) e dúas (2) abstencións (Sra. Somoza Calviño e Sr. González Dacal).

10º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA A INSTAR AO GOBERNO A ABOAR A DÉBEDA PENDENTE A GALICIA.- Aprobouse pola maioría de sete (7) votos a favor (grupos municipais do Partido Popular e mixto) e catro (4) abstencións (grupo municipal Unidade por Rodeiro).

11º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Formulan rogos e preguntas os concelleiros Sres. Lamazares Casero e González Dacal e as concelleiras Sras. Villanueva Patao e García Hermida.

Dou fe.

O secretario do Concello
(*sinatura dixital*)

José M^a Novo Ramos

